

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 20 DE NOVEMBRO

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2021/00016544L.**

Licenza para proxecto modificado de construción vivenda familiar en LG Ponte Alvar. Concédese a prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela na sesión do 11/04/2022 para a construción de vivenda unifamiliar situada no lugar Ponte Alvar Santiago de Compostela (A Coruña) e por prazo de tres anos dende a notificación do presente acordo.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2022/00047761K.**

Licenza para a instalación de piscina prefabricada na parcela do edificio sito na rúa do Campo da Angustia 12/ rúa de Betanzos 5A. Concédese a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Daniel Álvarez Rivas achegado na data 17/10/2022, cun orzamento de execución material de 10.650,00 €, á instalación de piscina prefabricada na parcela do edificio sito na rúa do Campo da Angustia 12 / rúa de Betanzos 5A Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: **2023/00023110E.**

Licenza de obra nova para a construción de nave industrial para almacenamento e distribución de alimentos na RÚA CASTELA-A MANCHA, 11-13 Concédese a licenza de obra nova para construción de nave industrial destinada a conservación e loxística integral de produtos conxelados na RÚA CASTELA A MANCHA, 11-13 con referencia catastral 1306610NH4510E0000FP e 1306609NH4510E0000OP, Parcelas H3b05a e H3b05b do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico redactado polo enxeñeiro industrial Manuel Vidal López, co visado colexial de data 17/03/2023 e anexos de data 17/07/23, 28/09/2023 e 09/11/2023, cun orzamento de execución material de 1.925.548,30 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: **2023/00005694H.**

Licenza de obra nova para construción de nave destinada a exposición e venda de vehículos con taller de mantemento na RÚA ESTREMADURA, 4 Concédese a licenza de obra nova para construción de nave destinada á exposición e venda de vehículos con taller de mantemento na RÚA ESTREMADURA, 4, Parcela H2c01 do Polígono da Sionlla, con referencia catastral 1207701NH4510E0000MP, finca rexistral número 58.313, segundo Proxecto básico redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira con data de rexistro de 17/04/2023 e Proxecto de execución e anexo con visado colexial de data 08/09/2023 e 10/10/2023, cun orzamento de execución material de 220.000 €.

5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: **2022/00059086F.**

Licenza de obra nova para estación de servizo na RÚA DO PAÍS VASCO, 46 Concédese a licenza de obra nova para construción dunha unidade de subministro de combustible desatendida situada na RÚA DO PAÍS VASCO, 46, con referencia catastral 1409601NH4510H0000DF, segundo Proxecto técnico redactado polo

enxeñeiro industrial Eloy Prada Hervelle, co visado colexial de data 23/12/2022 e anexos con visado colexial de 23/03/2023 e 19/06/2023, cun orzamento de execución material de 197.217,74 € baixo a dirección facultativa do enxeñeiro técnico industrial Víctor Lojo Paz.

6. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: **2023/00045973T.**

Aprobación en Xunta de Goberno Local da convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan estatal de vivenda 2018_2021 correspondentes as fases 7 e 8 da área de rexeneración e renovación urbana dos Grupos de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios do barrio de Pontepedriña do Concello de Santiago de Compostela |

Acórdase:

1. Aprobación da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito dos Grupos de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios do barrio de Pontepedriña do Concello de Santiago en desenvolvemento dos acordos de data 29 de outubro de 2020 e 1 de decembro de 2021 da Comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

2. Aprobación do gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe ascende a 446.400,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2023 050 15220 7800001, 86.400,00 € de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2022 2 PONTE 7, e 360.000,00 € de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2022 2 PONTE 8.

7. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: **2022/00030651T.**

Desestimación das solicitudes de subvención á rehabilitación no marco do Plan de Vivenda 2013 - 2016 correspondente á fase 1 da ARRU do Barrio de Vite por incumprimento dos requisitos prescritos na convocatoria |

Acórdase desestimar a axuda pública solicitada por incumprimento dos requisitos prescritos na convocatoria, de conformidade co Ditame do órgano colexiado avaliador de 29/09/2022 e os informes técnicos de 19/09/2023 das seguintes solicitudes: GARCÍA LORCA 16, CELSO EMILIO FERREIRO 3 e GARCÍA LORCA 20

8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: **2022/00030261R.**

Desestimación das solicitudes de subvención á rehabilitación no marco do Plan de Vivenda 2013 - 2016 correspondente á fase 13-15 da ARI do Casco Histórico por incumprimento dos requisitos e por desistencia das persoas interesadas |

Acórdase:

Primeiro. Non conceder a axuda pública solicitada por desistencia dos interesados relacionados de seguido debido a que non emendaron tal e como se lles requiriu as deficiencias detectadas nas solicitudes de subvención de San Lourenzo 57, Campo de Santo Antonio 4 e Sar 5

Segundo. Desestimar a axuda pública solicitada por incumprimento dos requisitos prescritos nos artigos 14 e 15 da convocatoria obxecto de expediente aos solicitantes de Mazarelos 15, Casas Reais 12 e Rúa Nova 46.

9. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: **2022/00030476D.**

Non concesión das axudas á rehabilitación no marco do Plan de Vivenda 2013 - 2016 correspondente ás fases 7-8 da ARRU do Barrio de Vista Alegre por desistencia das

persoas interesadas]

Acórdase non conceder á comunidade de propietarios castelao avda. de Castelao 44 a axuda pública solicitada por desistencia dos interesados, de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, debido a que non emendaron tal e como se lles requiriu as deficiencias detectadas nas súas solicitudes de subvención.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00045326M.**

Adxudicación do contrato do Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios dos edificios e locais municipais a JOMAR SEGURIDAD SL por un importe de 43.620,11 €, IVE engadido.]

Acórdase:

Primeiro: aceptar a retirada de oferta de ARENAL SISTEMAS DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, de acordo co establecido no artigo 158.4 da LCSP.

Segundo: adxudicarlle a JOMAR SEGURIDAD SL, o contrato que ten por obxecto o Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios dos edificios e locais municipais, ao ser a súa a mellor oferta das admitidas. A súa oferta económica, segundo os prezos unitarios ofertados, é de 43.620,11 € (base imponible de 36.049,68 € máis IVE do 21% de 7.570,43 €).

Terceiro: reaxustar, autorizar e comprometer un gasto por importe de 43.620,11 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2130003 de acordo coa seguinte desagregación por anualidades: 1.817,50 € (2023), 21.810,06 € (2024), 19.992,55 € (2025) TOTAL 43.620,11 €

11. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00033210X.**

Autorización da cancelación do aval constituído por SOCIVI TÉCNICO SLU en concepto de fianza definitiva no expediente de contratación Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior.]

Acórdase autorizar, ao abeiro da cláusula 17 do PCAP e do artigo 111.1 da LCSP por ter sido declarado deserto o procedemento de adxudicación, a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva que constituíra SOCIVI TÉCNICO SLU por importe de 4.602,26 € para responder do contrato CON/31/2021 Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: **2022/00008355Q.**

Tomar de razón da segregación da sociedade CLECE, SA, a favor da sociedade AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que a vinculen con este Concello relativas ao contrato de prestación do Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela entenderanse con AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU.]

Acórdase:

Primeiro.- Tomar razón da segregación da sociedade CLECE, SA, a favor da sociedade AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que a vinculen con este Concello relativas ao contrato de prestación do Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago entenderanse con AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU e domicilio social en Avenida Manoterias, núm. 46, Madrid.

Segundo.- A entidade AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU, deberá constituír

unha fianza definitiva por importe de 21.237,61 € para responder da prestación do “Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela”.

Terceiro.- Unha vez conste constituída a fianza por AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS,SAU. procederase a tramitación do expediente de cancelación do aval por importe de 21.237,61 € constituído por CLECE, S.A.

Cuarto.- Este acordo será comunicado ao centro xestor aos servizos económicos do concello coa fin de que dean de alta a conta bancaria indicada pola empresa na que se aboarán os traballos realizados neste contrato.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00045205Z.

Autorización da devolución da fianza constituída pola empresa SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., para responder do contrato de “Servizos para a realización do curso de formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios” Expte. 2021/56098J. |

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., por importe de 2.990 euros para responder do contrato de “Servizos para a realización do curso de formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios” Expte.

14. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00048293C

Proposta á Xunta de Goberno Local, fotocopiadoras |

Acórdase:

Primeiro .- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo:- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOCE MIL TRINTA E OITO EUROS CON VINTE NOVE CÉNTIMOS (12.038,29 €) que comeza pola número F/2023/3702 por importe de 1.458,99 euros e remata pola número F/2023/4672 por importe de 191,23 euros, en concepto de 87 facturacións polo servizo de mantemento de copiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre outubro de 2022 e agosto de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adapten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: 2023/00037816P.

Aceptación de axuda (Código MT811A) |

Acórdase aceptar a axuda convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda obxecto da convocatoria por importe de 6.201,54 euros.

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027316L.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 €) |

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escuela de Tiempo Libre y Animación Sociocultural Don Bosco para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800016 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o

ano 2023

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00027343T.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 31 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de dez mil euros (10.000,00 euros)

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 31 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago e a Fundación Down Compostela para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de dez mil euros (10.000 euros). con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800019 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00001918Z.**

Proposta sobre o recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das axudas individuais para uso do taxi para persoas con dificultades de mobilidade. ano 2023

Acórdase:

1. Aprobar as xustificacións presentadas por 18 persoas beneficiarias das axudas. O gasto, que ascende á cantidade de 2.911,73 € irá con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/2023.
2. Aprobar a desestimación das xustificacións presentadas por 10 persoas usuarias por varios motivos.
3. A tramitación do procedemento se axusta ás bases aprobadas e as persoas beneficiarias reúnen os requisitos requiridos e os servizos de taxi presentados están realizados dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o período máximo de xustificación.
4. Que se aprobe liberar o saldo resultante da convocatoria con motivo do seu peche.
5. Que na base 12 da Convocatoria e de acordo co artigo 18 da LXS: "1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20".
6. Que ditas axudas estarán exentas de tributación na sede do beneficiario da mesma no caso de cumprírense os requisitos establecidos no artigo 7.y) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda dos non Residentes

19. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00048127S.**

Dación de conta a Xunta de Goberno Local da aprobación do proxecto europeo "Entre Sar e Sarela" para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2022, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado nun 95% pola Unión Europea – NextGeneration EU.

Acórdase:

Primeiro: aceptar a subvención concedida pola Fundación Biodiversidad F.S.P. como parte do programa NextGeneration EU para o desenvolvemento do proxecto "ENTRE SAR E SARELA", por un importe de 3.228.069,12 euros coa seguinte distribución por anualidades:

TÍTULO	2024	2025
Estratexia de Infraestrutura Verde e Adaptación ao Cambio Climático de Santiago de Compostela	6.161,58 €	
Barrio Verde de Pontepedriña: Renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbán	640.143,25 €	1.493.667,58 €
Naturalización da lagoa do Auditorio de Galicia, restauración fluvial do río Corgo e mellora ecolóxica das áreas verdes contiguas	481.732,94 €	481.732,94 €
Consolidación do Anel Verde Exterior. Restauración ambiental y creación del Laboratorio Vivo Urbano Agroecolóxico en el Jardín Botánico	106.435,54 €	106.435,54 €
Consolidación del Anillo Verde Exterior. Recualificación e recuperación ambiental da área verde do Barrio de Cornes	115.149,32 €	115.149,32 €
Consolidación do Anel Verde Exterior. Mellora da biodiversidade e conservación ecolóxica do Monte do Viso	88.325,04 €	88.325,04 €
Plan de gobernanza e participación	72.018,56 €	108.027,85 €
Plan de comunicación e sensibilización	84.861,37 €	84.861,37 €
Plan de medición e seguimento de indicadores	1.894,90 €	2.842,34 €
TOTAL	1.596.722,49 €	2.480.945,93 €

Segundo: Crear os seguintes órganos de gobernanza e participación:

Comité de dirección: Establecerá as directrices para a correcta xestión do proxecto.

Estará integrado polos seguintes membros que poderán estar asistidos por expertos externos:

- . O Concelleiro delegado de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos dos Animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras.
- . A Directora de área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos e Comunitarios.
- . Investigador principal responsable do equipo do IBADER da USC.

Comisión técnica: Estrutura organizativa para a coordinación, seguimento e implementación de todas as accións do proxecto. Estará integrada por:

- . A Directora de área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos e Comunitarios.
- . O Xefe de sección de Servizos.
- . O Xefe de servizo de Obras e Proxectos.
- . O Encargado- xefe de Parques e Xardíns.
- . Investigador principal responsable do equipo do IBADER da Universidade de Santiago.
- . Investigador do IBADER.
- . Un/Unha representante da oficina técnica do Consorcio da cidade de Santiago.

Terceiro. A aportación de financiamento municipal ao proxecto incluírase nos orzamentos dos anos 2024 (332.127,68 euros) e 2025 (517.471,62 euros), incoándose, en todo caso e de ser necesario, as oportunas modificación orzamentarias.

20. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00036901J.

Aprobación de abono dos pagos a conta correspondentes ós dous primeiros trimestres do 2023, presentado por Rias Baixas S.L., pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña 7, Santiago-Arins |

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ós pagos a conta dos dous primeiros trimestres do ano 2023, á entidade Rias Baixas S.L.,

pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, liña 7.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de cento trinta e sete mil, douscentos oitenta e un euros, con doce céntimos (137.281,12.-) a prol da entidade Rias Baixas S.L. pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, liña 7 e correspondente ós pagos a conta dos dous primeiros trimestres do ano 2023, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

21. DEPORTES. Referencia: 2023/00014510R.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o ano 2023. |

Acórdase aprobar a xustificación presentada polo pola FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2023, por valor de 10.000 €, que xa foron abonados con carácter anticipado, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890013.

22. DEPORTES. Referencia: 2023/00014507K.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago para o ano 2023. |

Acórdase aprobar a xustificación presentada polo pola FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2023, por valor de 10.000 €, que xa foron abonados con carácter anticipado, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890013.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049293P.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no AP 4037/2023 DO PO 311/2021 CA1 |
Resolución: Sentenza do 23.06.2023

Órgano Xudicial: T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.2 A CORUÑA

Procedemento: Recurso de apelación número: 4037/2023.- PO 311 /2021

Obxecto: Impugnación do acordo de cesión á Comunidade Autónoma de Galicia da parcela dotacional AS-19 do Polígono 6-7 do Plan Parcial de Fontiñas para a construción e posta en funcionamento do IMELGA

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: favorable aos intereses do Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Área de Urbanismo para o seu coñecemento e efectos.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049058A.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 176/2022 CA1 A Coruña |

Sentenza nº 137/202

PA 176/2022 CA1 A Coruña

Obxecto: providencia de prema por falta de pago de sanción de tráfico.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico e á Sección de Recadación para a súa execución.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00047080F.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 396/2022 CA2. |
Sentenza nº 238/2023
PA 396/2022 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía 448,61 euros.
SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00049240R.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 219/2022 CA1. |
Sentenza nº 158/2023
PA 219/2022 CA1

Obxecto: sanción a titular de vehículo por non identificar ao condutor infractor. Contía 900 euros.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00049185S.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 413/2022 CA2. |
Sentenza nº 237/2023
PA 413/2022 CA2

Obxecto: multa por desobediencia a axentes da PL e retirada do permiso de conducir. Contía 567,33 euros.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00055847B.**

Tomar coñecementdo da sentenza recaída no PA 447/2022 CA2. |
Sentenza nº 234/2023
PA 447/2022 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía: 1.007,25 euros.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00048939E.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 344/2022 CA2. |

Sentenza nº 236/2023

PA 344/2022 CA2

Obxecto: multa 200 euros por “consumo de bebidas na vía pública cando poida alterar gravemente a convivencia cidadá” (artigo 67 da Ordenanza de convivencia).

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00048929N.**

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 425/2022 CA2.]

Sentenza nº 232/2023

PA 425/2022 CA2

Obxecto: multa por estacionamento en área reservada, e taxa por retirada de vehículo.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00010402X.**

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 392/2022 CA2.]

Sentenza nº 235/2023

PA 392/2022 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía: 1.007,25 euros.

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía:

13.817,46 euros

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

32. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00049342B.**

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellarías Delegadas do 10 ao 16 de novembro do 2023]

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellarías Delegadas do 10 ao 16 de novembro do 2023.

URXENCIAS

33. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00046344A.

[Licenza para a consolidación estrutural de soleiras no edificio sito na Avda Rosalía de Castro, 43]

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Santiago Muñiz Gómez de data de visado do 27/10/2023, cun orzamento de execución material de 18.034,82 €, a consolidación estrutural de soleiras no edificio sito na Avda Rosalía de

Castro, 43 Santiago de Compostela (A Coruña).

34. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00047721T.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos servizos de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumeadado ornamentais dos monumentos do concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de Xuño do ano 2023. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados dos servizos de mantemento do alumeadado público, instalación eléctrica dos locais municipais e instalación de alumeadado ornamentais dos monumentos do concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xuño de 2023.
2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 60.238,89 euros, correspondentes á factura F/2023/3626 expedidas por FERROVIAL CONSTRUCCIÓN SA , correspondente ao mes xuño de 2023.
3. Importe total da prestación realizada: 60.238,89 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 020 16500 2270900.

35. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2022/00049455J.

| Corrección de erro aritmético |

Acórdase corrixir o erro aritmético na suma total dos valores sinalados para a parcela nº 14 que figura no acordo de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio, de maneira que onde di 25.265,01 euros, debe dicir 23.265,01 euros.

36. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2023/00049330E.

Caducidade de autorizacións concedidas e apertura de novo prazo para a presentación de solicitudes de autorización de uso das hortas municipais no parque de Almáciga |

Acórdase:

PRIMEIRO: confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas da Almáciga outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais do parque de Almáciga a contar dende o seguinte o da publicación do anuncio desta convocatoria.

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012). Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas.

37. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2023/00049363D.

[Caducidade de autorizacións concedidas e apertura de novo prazo para a presentación de solicitudes de autorización de uso das hortas municipais no parque de Cotaredo]

PRIMEIRO: Confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas de Cotaredo outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais do parque de Cotaredo a contar dende o seguinte o da publicación do anuncio desta convocatoria.

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012). Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas.